

AXUDA PARA ESTADÍAS PROGRAMA DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS 2025

A ORDE do 7 de xullo de 2025, pola que se establecen as axudas para a formación de doutores e doutoras do programa Doutoramentos industriais, dispón no artigo 21 que, no caso de ter solicitado a axuda para estadía, antes do **30 de xuño de 2026** a entidade beneficiaria deberá remitirlle á Axencia Galega de Innovación e á SXU a seguinte documentación:

- a) *Plan de traballo asinado pola persoa contratada e co visto e prace da persoa directora da tese.*
- b) *Carta de aceptación do centro de destino asinada pola persoa directora do centro ou figura equivalente. O centro de destino deberá estar situado nun país incluído na zona que se indicou na solicitude e pola que se concedeu a axuda.*
- c) *Autorización de ausencia da entidade beneficiaria.*

Antes do inicio do período de estadía, a Axencia Galega de Innovación e a SXU publicarán nas súas páxinas web a relación de persoas que desfrutarán de estadía, con indicación da entidade contratante, o país e a zona de destino.

Presentación de documentación

- [Sede electrónica da Xunta de Galicia](#)

Achegarse a documentación no procedemento que deu lugar á solicitude (IN606D), mediante a "Acheга de documentación separada da solicitude"

Máis información

- No correo electrónico: **axudastalentotransferencia.gain@xunta.gal**
- Nos teléfonos: **981 337 136, 981 337 157, 981 337 183**

REALIZACIÓN DAS ESTADÍAS

As estadías terán que realizarse entre o **1 de outubro de 2026 e o 30 de setembro de 2027** e asegurar un grao de mobilidade e de internacionalización ao que non se puidese acceder por formación académica anterior ou por outros factores tales como residencia, país de orixe ou nacionalidade, e en ningún caso poderá ocasionar un atraso na finalización dos estudos de doutoramento.

Durante o período de estadía, a entidade beneficiaria terá que subscribir para cada persoa investigadora un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto sexan insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros deberán cubrir o período total de estadía efectiva.

XUSTIFICACIÓN E PAGO

Esta axuda financiarase nun pagamento único no exercicio 2027 (5ª xustificación) previa certificación da estadía realizada.

Prazo máximo para a xustificación: **31 de outubro de 2027.**